



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE 2017

NÚM. 03/2017

### SRES/RAS ASISTENTES

#### PRESIDENTE

D. Amancio Lavandeira Suárez

#### CONCELLEIROS

D<sup>a</sup> Laura Mariño Taibo

D. Abrahán Gerpe Muñiz

D<sup>a</sup> Laura Tasende Cancela

D. Andrés Manuel Díaz Abeledo

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Taibo Lavandeira

D. Antonio Pensado Plágaro

D. Juan García Velo

D<sup>a</sup> María Ángeles Gema Eiroa Villar

D<sup>a</sup> Clarisa Couto Castro

D. Luis Souto Gómez

D. Emilio Fondo Novo

#### NON ASISTE

D<sup>a</sup> Verónica Facal Rodríguez

#### INTERVENTORA

D<sup>a</sup>. María Carmen Menéndez Ares

#### SECRETARIA

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas

No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 12:00 horas do día vinte e catro de febreiro de 2017, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Amancio Lavandeira Suárez, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.

### 1.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia en que o día anterior non se puido celebrar o pleno e pecha a plataforma para solicitar a subvención ás 14:00 horas.

A continuación procédese á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.



## 2.- POS + 2017.

Pola secretaria dáse lectura da proposta de alcaldía do 23.02.2017 que obra no expediente. A continuación a secretaria indica que acábase de incorporar documentación polo Sr. Alcalde no expediente, consistente en listaxes de facturas, sen constar novo informe de intervención.

O Sr. Alcalde indica que da listaxe proporcionada aos concelleiros o día anterior modifícanse na páx 7, eliminando 2 porque figuran como pagadas. E outras figuraban sen partida e non se podían sacar e quedaron en que fosen e se fixo toda esa labor.

O voceiro do PP manifesta que se falou en que tiñan que ir todas ata o 31.08.2016.

O concelleiro do PSOE explica que como ás dúas pecha a plataforma, só sinala que foi un pracer asistir á xunta de voceiros e chegar a un acordo.

A concelleira do BNG di que se trata dun acordó importante e que é triste que algunhas persoas teñan que saír do goberno para que se fagan esas cousas.

Pide a palabra o Sr. Pensado para manifestar que ás 13:30 pecha a plataforma pero o problema o creou o Sr. Alcalde. Recorda que se quedara en ía a haber o pleno o día anterior e hoxe tiveron media hora para consultar o expediente, polo que hai que ser serio. Dalle a norabó a concelleira do BNG porque dixo algo importante. Recórdalle ao Sr. Alcalde que tivo dende o mes de novembro para preparar o pleno. Dálel as grazas aos grupos da oposición porque se fixo xustiza.

O Sr. Alcalde manifesta que se mirará de que se poida pagar á maior parte das persoas e non se estaría no pleno destinando diñeiro a este asunto sen non houbera débeda.

A continuación procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a participación no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

### A) Financiamento do pago a provedores:



	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	264968,47
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	430573,76
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>695542,23</b>

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA		56922
ABANCA		18300,48
ABANCA		209618,62
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>284841,1</b>

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Non se presenta porque no caso de aprobarse se destinaría ao pago a provedores	

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 12 horas e 20 minutos do día 24 de febreiro de 2017, do que como Secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº  
O Alcalde,

Amancio Lavandeira Suárez